



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE XULLO DO 2018.-

<p>Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M^a Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. D. José Juan Vilar Rico. D. Gustavo Pita Carballeira D, Luis Cendán Fernández. D. Emilio Mesias Farías. Dn. Manuel Bello Bouza. Dna Cristina Cadena Freire. Dna. Josefina Martínez Martínez. Dna. Marta Seijas Díaz. D. Ricardo José Fernández Lage. Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e cuarenta e dous minutos do día trinta de xullo do dous mil dezaioito, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

1º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA CORRESPONDENTE AO DÍA 11 DE XUÑO DE 2018

Sometida a votación o Concello Pleno por unanimidade, 13 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 1 de SON DE ARES, 3 PP e 3 BNG), acorda prestala súa aprobación a acta da sesión extraordinaria celebrada polo concello o día 11 de xuño de 2018.

2º.- DAR CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGO (PMP) SEGUNDO TRIMESTRE 2018

Dáse conta do informe do Pago Medio a Provedores do segundo trimestre do exercicio 2018.

Ares.

Ratio Operaciones pagadas: 45,46 Días
Importe Pagos realizados: 898.422,99€
Ratio Operaciones Pendientes: 21,29 Días
Importe Pagos Pendientes: 382.750,00€
PMP: 38,24 Días

PMP Global:

Importe Pagos Realizados: 898.422,99€
Importe Pagos Pendientes: 382.750,00€
PMP: 38,24 Días



O Concello Pleno acorda dáse por enterado

3º.- DAR CONTA MOROSIDADE SEGUNDO TRIMESTRE 2018.

Dáse conta do informe sobre Morosidade Remitido ao MHAP correspondente ao segundo trimestre do 2018, o cal presenta o seguinte resume:

Pagos realizados durante o trimestre

Dentro do Período legal de Pago

449.810,85€

Fora do Período legal de Pago

448.612,14€

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do trimestre

Dentro do período legal de pago a final do trimestre

493.861,26€

Fora do período legal pago a final do trimestre

61.265,84€

O Concello Pleno acorda dáse por enterado

4º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA CONTA XERAL 2017

Dáse conta do informe de Secretaría-Intervención correspondente a Conta Xeral 2017 de data 25 de maio do 2018, que a continuación se transcribe :

De conformidade co establecido no artigo 200.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e na Regra 88.1 da Orde EHA/4042/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, procedeuse a formar a **Conta Xeral do exercicio económico de 2017**, en relación coa cal emítese o seguinte

INFORME

CONTA XERAL 2017

PRIMEIRO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

Os artigos 22.2 e) e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Os artigos 208 a 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

O artigo 119.3 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.



Os artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

As Regras 85 e seguintes da Orde EHA/4042/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a instrución do Modelo Simplificado de Contabilidade Local.

Resolución de 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se recomenda un formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático que facilite a súa rendición.

-Resolución de 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Cantas, pola que se fai público o Acordo do Pleno, de 29 de marzo de 2007, que aproba a instrución que regula o formato da Conta Xeral das Entidades Locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas.

A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das entidades locais.

A Orde A Orde HAP/419/2014, do 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

SEGUNDO. A Conta Xeral non se limita a ser o instrumento que teñen as Entidades Locais para cumprir esa obrigaón formal de render cantas, se non que constitúe o mecanismo que pon de manifesto a xestión realizada nos aspectos económico, financeiro, patrimonial e orzamentario; é dicir, é o instrumento que permite á Corporación e os administrados coñecer qué se fixo durante un exercicio orzamentario, permite controlar o uso e destino que se deu a un volume máis ou menos importante de fondos públicos; é, en definitiva, un mecanismo de control.

TERCEIRO. A Conta Xeral das Entidades Locais estará integrada por:

A da propia Entidade.

A dos seus Organismos Autónomos.

As Cantas das Sociedades Mercantís de capital integramente propiedade da mesma.

CUARTO. A Conta Xeral da Entidade e a dos seus Organismos Autónomos está integrada por toda a documentación esixida pala Normativa vixente, segundo o detalle e o contido que se sinala a continuación:

O Balance.

A Conta do resultado económico-patrimonial.



O estado de Liquidación do Orzamento.

A Memoria.

Ás contas anuais da propia Entidade Local e de cada un dos organismos autónomos deberá unirse a seguinte documentación:

Actas de arqueo das existencias en Caixa referidas a fin de exercicio.

Notas ou certificacións de cada entidade bancaria dos saldos existentes nas mesmas a favor da entidade local ou do organismo autónomo, referidos a fin de exercicio e agrupados por nome ou razón social da entidade bancaria.

En caso de que o Pleno da Corporación así o establecese, á Conta Xeral acompañaranse os estados integrados e consolidados das contas que determinase.

QUINTO. Achégase ao presente informe de Intervención, o Balance, a Conta do Resultado económico-patrimonial, o Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria, segundo os Modelos e co contido regulado na a Cuarta parte «Contas Anuais» do Anexo da Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local.

Esta documentación poderá ser presentada en soporte informático tal e como establece a Resolución de 28 de xullo de 2006, da Intervención Xeral da Administración do Estado, polo que se recomenda un formato normalizado da conta xeral das entidades locais en soporte informático, que facilite a súa rendición e a Resolución de 30 de marzo de 2007, da Presidencia do Tribunal de Contas, poia que se fai público o Acordo do Pleno, de 29 de marzo de 2007, que aproba a instrución que regula o formato da Conta Xeral das entidades locais en soporte informático e o procedemento telemático para a rendición de contas.

De acordo con todo elo, e unha vez que foi examinada a Conta Xeral do exercicio 2017 así formada, por esta Intervención Xeral emítese informe favorable sobre o seu contido, forma e tenor, aos fins e efectos previstos polo artigo 212 do

Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Cumpre insistir que nos termos das regras 102.4 da Orden EHA/4041/2004, de 23 de novembro (Instrucción do modelo normal de contabilidade local) "**a aprobación da Conta Xeral é un acto esencial para a fiscalización de esta polos órganos de control externo, que non require a conformidade coas actuacións reflectadas nela, nin xera responsabilidade por razón das mesmas**".



De acordo con todo iso, e unha vez que foi examinada a Conta Xeral así formada, por esta Secretaría-Intervención Xeral emítese informe favorable sobre o seu contido, forma e tenor, aos fins e efectos previstos polo artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

En Ares a 25 de maio do 2018

O Secretario-Interventor

Intervén o Sr. Alcalde abrindo o primeiro turno de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando a benvinda a todos/as e manifesta que, novamente ca conta xeral veñen de sufrir o que nos ven pasando nos últimos anos, non podemos validar unha conta xeral cando non se nos facilita, non se nos dá acceso a unha parte moi importante como é a nosa labor como oposición como é fiscalizar as contas polo tanto, debido a que isto segue sendo así nós non vamos a prestar a súa aprobación.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP a Sra. Josefina Martínez Martínez.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que o PP nunca participou na elaboración dos orzamentos e que ano tras ano repítese o mesmo, a conta xeral aínda que é unha expresión contable de dito orzamento debido a que vostede nos nega por activa e por pasiva a información que pedimos ano tras ano, información como pode ser o balance de xestión do servizo municipal de augas que despois de examinar a conta xeral vemos que hai superhabit no servizo de abastecemento de auga. Dende xaneiro de 2014 que se municipalizou este servizo ano tras ano temos a calada por resposta por iso estamos seguros que o balance do auga é inexistente Sr. Alcalde, totalmente inexistente, en setembro do 2016 se lle pediu información relativa as retribucións de órganos de goberno, o exame de contratos menores do exercicio 2015 tampouco se nos deu o relativo a facturas, recibos e kilometraje de autoestrada que aínda non foi facilitado e si a nós se nos nega que lle farán ao aresán de a pé. No portal de transparencia que practicamente non existe estaría moi ben que nós e os aresáns puideran comprobar a súa axenda comarcal Sr. Alcalde para así poder ver como utiliza as súas trece ou catorce dietas mensuais, ao fío de isto vostede di que vive da Universidade terá que recoñecer que vive de algo máis porque se leva do concello todo os meses máis de 2000€, 19300€ máis dietas no ano 2017, vostede dictou unha resolución a 114 que non cumpre, di que as sesións de xunta de goberno serán os martes, o ano ten 52 semanas e no ano 2017 fixo máis de 60, tamén equivocouse a hora de resolver a proporcionalidade das comisións quitándolle ao PP unha comisión mensual que o que vai de legislatura supón uns 1800€.

Remata o primeiro turno de intervencións.

O Sr. Alcalde abre o segundo turno de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.



O Sr. Mesías Farías manifesta que non quere intervir.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Martínez Martínez preguntando ao Sr. Alcalde se non vai a contestar a súa intervención.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que a tonterías como as que acaba de dicir non.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que como que tonterías.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que si, que son tonterías e que lle parece unha falta de respecto, eu non me levo nada o gaño como o gaña vostede vindo aquí aos plenos e vindo aquí as comisións e aos sitios aos que vou anticipo eu os meus cartos, vou cos meus cartos e dicir cando eu vou a un sitio vou cos meus cartos e logo o devolven ese é o sentido e en consecuencia, está publicado perfectamente o que eu cobro todos os anos porque se notifica ao Ministerio de Facenda e nese sentido o Ministerio de Facenda o publica e efectivamente o ano pasado non me acordo si foron 170000 ou 18000, iso en todo caso dividido entre 12 da 1500€/brutos e todo o mundo sabe aquí que eu gaño entre 1200, 1100, 1300 porque non son todos os meses así é aí hai parte do reembolso do que eu anticipo, cando eu vou a Madrid, Santiago vou cos meus cartos e logo veño aquí presento un papel e o secretario fai que mo devolvan entón, como seguimos con esa situación pois prefiro calarme, vostede que diga o que lle da a gana vostede que pense o que lle de a gana pero eu xa renuncio a convencela de que é como vostede di e en consecuencia non me vou a poñer a discutir nuns parámetros onde loxicamente ademais de ser un Alcalde que saín na Voz de Galicia que de 319 estaba máis da metade para abaixo en soldo, gana máis como Alcalde o de San Sadurniño que ten mil e pico habitantes, digo San Sadurniño porque foi no que me fixei por certo, foi o único Alcalde que tivo o valor de subirse o soldo porque subiuse o soldo durante o mandato entón que me ben vostede a dicir si gaña Germán o de Cabañas 30000€/ano un Alcalde do PP dun concello máis pequeno que Ares cunha dedicación parcial, e dicir Germán o de Cabanas co seu concesionario como eu ca universidade ten unha parcial de 30000 e eu chego aos 18000 ou 19000 sumando todo e ten unha parcial de 30000€ tendo un concesionario é alucinante, mellor non votemos porquería sobre ninguén porque efectivamente é así, aprobou o seu goberno unhas retribucións de comisións que eu non cambiei, en consecuencia cobrase por pleno ben non cambie baixei, chegou a crise e baixei e iso é o que se cobra por comisións e por plenos o que deixou aprobado un goberno fai once anos, e fai once anos nin as subín baixei e aínda encima con calquera alcalde do PP con concellos máis pequenos gañando máis que eu ven vostede aquí a encherse a boca dicindo cosas que non comparto, pois discuta vostede con vostede mesma, eu non vou a entrar ao trapo.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que ela non se está a inventar nada que isto quitouse do ficheiro isfa.



Responde o Sr. Alcalde dicindo que é de onde saca el os datos.

Continúa a Sra. Martínez Martínez preguntando se pode negar eses 19300€.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non o está negando que saíu na Voz de Galicia, pregunta si é delito si está a roubar.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que non, que vostede di que non vive do concello.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non vive do concello, que con 19000€ non vive, que de eses 19000€ para ben ou para mal son anticipos de cartos que eu adiantei porque eu para ir aos sitios primeiro gasto eu entón un porcentaxe son cartos que me devolven e o resto é o que gaño como ti, veño a un pleno e o cobro vou a unha comisión informativa e a cobro e vou a unha comisión de goberno e a cobro, todo o montante de comisións de goberno que son 200€ iso o gaño como o gañas ti.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que a oposición si que non vive do concello temos 3187€ de media os que gobernan de media 20414€.

Responde o Sr. Alcalde porque gobernamos e traballamos.

Intervén a Sr. Martínez Martínez preguntando si lle parece xusto que a oposición se leve 3187€ fronte a vostedes que se levan 20414€.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que lle parece absurdo, que falamos mil veces de modificar iso e si vostedes non teñen o valor de votalo a favor pois non mo pidan a min, eu a vostedes lles dixen que iso se modifica si hai un acordo e vostedes nin contestaron. Tivemos unha reunión, unha comisión informativa para falar disto o BNG contestou por escrito dicindo que non, e vostede nin contestou, nin se acercou a dar resposta despis dun ano.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que a resposta a din nunha reunión que fixeron.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que a resposta foi que nos deran as comisións que lles competen, que vostede nos quitou.

Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntando si rematou a intervención.

Responde a Sra. Martínez Martínez dicindo que si.

Intervén o Sr. Alcalde dando paso as votacións.

Sometida a votación o Pleno do Concello por 7 votos a favor (5 do PSdeG-PSOE e 1 de NAL e 1 SON DE ARES), 3 votos en contra, (3 PP) e 3 Abstencións (3 BNG) acorda prestarlle a súa aprobación a Conta Xeral 2017.



3º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA, DENDE A CELEBRACIÓN DO ANTERIOR PLENO ORDINARIO

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

O Concello pleno dáse por enterado.

4º.- MOCIÓNS-PROPOSTAS:

Intervén o Sr. Alcalde explicando que hai unha moción de Son de Ares e outra do BNG sobre a Manada do seguinte teor literal;

A) MOCIÓN PARA DECLARAR PERSOAS NON GRATAS AOS COMPOÑENTES DA "MANADA"

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres, 21 de xuño, a Audiencia Provincial de Iruña acordou pór en liberdade aos cinco agresores (violadores), autodenominados "A Manada", condenados por ter sometido a unha moza de 18 anos a reiterados actos sexuais, por parte de todos eles, en contra da súa vontade e facendo uso da súa condición de superioridade: numérica, física e de idade, durante os Sanfermíns de 2016.

Estes feitos foron cualificados xuridicamente como abusos sexuais por parte do mentado tribunal que lle levou a condenar a 9 anos de prisión aos acusados. Que vén de completarse coa decisión de non prorrogarlles a prisión preventiva ante a gravidade do sucedido, polo que dende o venres 22 de xuño están na rúa. O tribunal emprega argumentacións difíciles de entender por parte da sociedade en xeral como se ten demostrado na rúa, e polo movemento feminista, en concreto.

É coñecido e notorio que A Manada non ten amosado o máis mínimo arrepentimento pola súa aborrecida pero habitual práctica. De feito, os cinco teñen defendido publicamente o seu desprezo pola vítima e sitúan o acontecido nun plano de normalización, elevando o sucedido a consentimento, a pesar de que ninguén o entende.

E como reacciona o Tribunal? Acordando que aos agresores deben manterse a 500 km de distancia da vítima. En definitiva, coa súa decisión, os maxistrados confinan á moza nunha suposta fuma de cristal, e permite a libre deambulación dos condenados por todas partes do territorio que consideren. Nesta situación, cabería preguntarse, pois lago, quen é o condenado: a vítima ou os seus



agresores?

Non está demais lembrar que as Corporacións municipais son a expresión do mandato cidadá, e á marxe quedaríamos da sociedade se non recollemos o clamor da rúa, o pensar e sentir de miles de mulleres e homes, ante a inxusta resolución a esta situación tan grave, que vai contra a liberdade de máis do 50% da poboación deste Estado: as mulleres.

Non só apoiamos todas as mobilizacións convocadas; rubricamos todos os manifestos e colaboramos en todas accións de rexeitamento que se teñan ou se vaian organizar, canalizando, a través dos instrumentos democráticos, ese clamor cidadá. Chegou o momento de dar un paso máis, e que sexan as Corporacións Locais as que, de motu propio, poñan o seu gran de area na denuncia desta inxustiza social e sumarse, por iniciativa propia, ao berro cidadá polo caso da Manada. É o momento de declarar persoas non gratas nos nosos concellos a:

- José Ángel Prenda Martínez
- Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena
- Jesús Escudero Domínguez
- Ángel Boza Florido
- Antonio Manuel Guerrero Escudero

Para deixar claro o rexeitamento aos agresores en todo o país, porque a sociedade entende que si foi un feito moi grave. É necesario e urxente o entendemento da xustiza e a sociedade en temas tan sensíbeis; e con este feito, trasladamos a solidariedade e arroupovítima, para que non se sinta nin culpábel, nin sinalada nin condeada.

As agresións sexuais son a arma máis empregada para librar esta guerra contra as mulleres que, non era sen tempo, xa se vai facendo máis visíbel, e por fin deixou de ocupar espazos de recheo para situarse nos titulares de apertura dos medios de comunicación. A loita feminista das últimas décadas foi vital para isa

O caso da Manada é o cumio do iceberg e debemos aproveitalo para visibilizar os centos de casos anónimos que suceden ao noso redor con moita máis frecuencia da que nos pensamos; e por parte de homes que non están enfermos. Que saiban todas as vítimas anónimas que estamos con elas e que non nos doen menos. E que todos e todas entendamos que o silencio nos condena.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO



I. A declaración de persoas non gratas a:

- **José Angel Prenda Martínez**
 - **Alfonso Jesús Cabezuelo Entrena**
 - **Jesús Escudero Domínguez**
 - **Angel Boza Florido**
 - **Antonio Manuel Guerrero Escudero**
- 2. **Dar traslado deste acordo plenario á representación legal dos cinco condenados a nove anos de prisión pola agresión sexual xulgada na Audiencia Provincial de Iruña.**
- 3. **Dar traslado deste acordo plenario á representación legal da vítima para que sexa coñecedora do apoio real que ten.**

Asdo. D. Emilio Mesías Farías

B) Moción de Son de Ares: “Peche de Motorkar, estafa comercial e despedimento colectivo”

GUSTAVO PITA CARBALLEIRA , Concelleiro -Portavoz do Grupo municipal Son de Ares, ante V.I. comparece e presenta a seguinte moción ao Pleno da Corporación municipal do Concello de Ares con base nos seguintes

ASUNTO: sobre peche de Motorkar, estafa comercial e despedimento colectivo

MOTIVOS

En xuño pasado coñecemos pola prensa comarcal que a empresa Motorkar, concesionario oficial de Opel e Suzuki na comarca, con taller e mais compravenda de vehículos en Cabanas e Ferrol, anunciou un Expediente de Regulación de Emprego extintivo e o despedimento de 22 traballadores que levaban meses sen cobrar. Como consecuencia, tiña intención de entrar en concurso de acredores.

A seguir comezaron a coñecerse casos de clientes damnificados que da noite para a mañá afecta a centos de persoas na comarca. A situación xerada por esta decisión empresarial precipitada colleu por sorpresa ás persoas compradoras de arredor de 43 vehículos ademais dos traballadores e subministradoras. Produciuse de súpeto unha adversidade difícil de entender e explicar, fundamentalmente pola desorientación e a falta de información. Así, a creba do concesionario Mortorkar Opel-Suzuki causa un dano á credibilidade do control institucional público sobre o fluxo monetario entregado polos/as clientes sen que ninguén saiba a día de hoxe a que fin foi destinado por Motorkar, e sitúa a parte feble dos contratos de compravenda, con ou sen financiamento da adquisición, nunha situación de absoluta



indefensión. Esta situación tamén se repite coas empresas que subministraron insumos e agrávase coa situación de impagamento e despido dos traballadores do concesionario, creando un efecto arrastre para un sector moi castigado pola crise económica e que está a levar por <liante varios concesionarios. Debemos manifestar, polo tanto, a nosa disconformidade coa ausencia de control gubernamental e co papel de convidados de pedra Opel, da Suzuki e da financeira Cetelem en relación á xestión de Motorkar.

Con todo, o peche traumático da empresa considerámolo precipitado por unha xestión temeraria que en todo caso compensaríase co compromiso corporativo das marcas comerciais, coa nosa comarca de máis de 150.000 habitantes. Estas marcas poderían optar por buscar a compra por un terceiro que, mantendo as instalacións e medios dispoñibles, evite a liquidación definitiva dos bens de Motorkar e mesmo manter parte dos postos de traballo.

Por todo isto, o pleno do Concello de Ares acorda:

1. Manifestar o apoio rotundo do Concello de Ares ás persoas afectadas, clientes e traballadoras, polo peche de Motorkar, concesionario de Opel-Suzuki na comarca de Ferrolterra e Ortegaleira e reivindicar a viabilidade do concesionario para a comarca.
2. Instar ao propietario do concesionario Motorkar, a Opel e a Suzuki na parte correspondente a que alcancen un acordo prexudicial satisfactorio cos clientes, cos traballadores e cos provedores.
3. Poñer a disposición dos clientes e dos traballadores as ferramentas que precisen para a defensa dos seus dereitos.
4. Mellorar os sistemas de prevención e control administrativo público para que non se repitan situacións coma esta, e aplicar a Lei 2/2012 de consumo de Galicia.
5. Facer un chamado aos concellos da comarca co fin de que se sumen a este pronunciamento da Corporación de Ares.

Asdo. Gustavo Pita Carballeira. Voceiro do grupo municipal Son de Ares.

O Sr. Alcalde dirixise ao voceiro e pregunta si falou ca FEGAMP.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que non.

Intervén novamente o Sr. Alcalde manifestando que é a FEGAMP a que o vai facer, e que é a Alcaldesa de Moaña Paula a que está co tema vai facer unha declaración dende a perspectiva de xénero e logo vai pasar ao pleno da FEGAMP que é mañá as 9:30h.



O Sr. Alcalde diríxese ao voceiro do BNG preguntando si poderían deixar a moción fóra.

Responde o Sr. Mesías dicindo que eles van a esperar a ver o que di a que non está incluída no orden do día.

Intervén o Alcalde dicindo que habería que metela pola vía de urxencia.

Continúa o Sr. Mesías Farías manifestando que van a esperar a ver o que di a FEGAMP e si vemos que non cumpre cas nosas expectativas a presentaríamos a parte.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que temos unha moción de Son de Ares sobre o peche de Motorkar, estafa comercial e despedimento colectivo.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro de Son de Ares para expoñer o petitum.

Intervén o Sr. Pita Carballeira manifestando que a voceira do PP púxose en contacto con el previo ao pleno que hai unha declaración institucional sobre o problema de Motorkar que si falamos todos os grupos e a asumimos todos nós non temos problema en asumila tamén, e igual que a nosa pero instando a xunta que medie no conflito.

Intervén a Sra. Martínez Martínez explicando que a moción ten os mesmos puntos excepto un que é "Instar ao goberno galego a tomar todas as medidas necesarias no marco das súas competencias para dar unha solución satisfactoria ao persoal de Motorkar de forma que cobren os salarios adebedados na súa integridade"

O Sr. Alcalde diríxese ao voceiro de Son de Ares ao Sr. Pita Carballeira dicindo que el vota a súa a do PP non.

Toma a palabra a concelleira do PP a Sra. Seijas Díaz manifestando que non é do partido.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que a de Son de Ares a puido ver valorar e esta non, non teño nin idea de esta.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que por iso di que facemos copias.

Toma a palabra a concelleira do PP a Sra. Martínez Martínez explicando que é unha declaración institucional do Concello de Cabanas.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que é unha declaración institucional da que non ten nin idea e na Xunta de Voceiros ninguén avanzou nada, e nese sentido eu a que coñezo é a que está na orden do día do pleno e ti dirás se transaccionas ou non trasaccionas, nos a que coñecemos e a de Son de Ares de esa nos non temos nin idea.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que se poden facer copias para mirar.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que traia copias, que faga as copias ou queres que as faga eu, vouchas facer eu igual téñochas que facer eu, si ves ao pleno pois preocúpate de traer copias para os portavoces digo eu.



Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que quería falar para saber si a aceptaban ou non.

Toma a palabra o concelleiro do PP o Sr. Ricardo José Fernández Lage dicindo que se poden facer despois as copias.

Responde o Sr. Alcalde que non hai ningún problema pero que eu non a teño nin vin que se levantara nin que as repartira, nin vin que se fora a facer copias ou sexa nada de nada.

Intervén o concelleiro do PP o Sr. Fernández Lage preguntando cantas veces interrompeuse o pleno para facer copias.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que cando hai mocións Emilio levantase as vai a facer as entrega, aquí nin se levantou a ten aí nin nola traslada entón, estou dicindo que non a coñezo e aínda non a teño de feito aínda non a teño aquí enriba da mesa nin se quere para ler entón que facemos.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que vai a saír un momento.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que perfecto, xenial.

A Sra. Martínez Martínez fai entrega a declaración institucional, do seguinte teor literal;

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A SITUACIÓN DA EMPRESA MOTORKAR ANTE O ANUNCIO DO SEU ERE EXTINTIVO E PECHE

O pasado día 26 de xuño coñeceuse publicamente a intención da compañía Motorkar, concesionario oficial de Opel e Suzuki para a zona de Ferrolterra, Eume e Ortega!, con instalacións nos concellos de Cabanas e Ferrol, de cesar a súa actividade e presentar un concurso de acreedores.

O peche de Motorkar, ademais de continuar unha preocupante tendencia no sector da comarca de Ferrolterra, que sofre unha crise continuada, pon en relevo o dano creado por unha xestión empresarial que non se pode calificar doutro modo que como temeraria, e que deixa un ronsel de afectados:

- Por unha banda, as 22 persoas traballadoras da empresa, que levan varios meses sen cobrar e que agora serán obxecto dun Expediente de Regulación de Emprego (ERE) extintivo que suporá o seu despedimento.
- Doutra, os máis de 40 clientes do concesionario que adiantaron a totalidade ou comezaron a realizar os pagos de automóbiles polos que nalgúns casos chegaron a depositar até 28.000 e que agora Motorkar négase a entregar, a pesar de, nalgúns casos, os ter xa no seu poder, pois non ten fondos para os matricular.
- Por último, as empresas provedoras de suministros coas que Motorkar ten débedas, e toda a clientela das comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegá, que agora ten o servizo oficial máis



próximo en Betanzos, tendo que realizar desprazamentos moito maiores do que até o de agora.

As dificultades económicas da empresa eran coñecidas polos seus xestores desde hai máis dun ano, o período que Motorkar leva dilatando a matriculación dos automóbiles das persoas que levan máis tempo sendo afectadas, e mentres tanto non fixo nada por evitalo, senón que continuou a súa actividade deixando de pagar aos traballadores e aumentando o número de persoas afectadas ao vender automóbiles sabendo que nunca os podería entregar.

Con todo, o peche traumático da empresa debe ser considerado precipitado por unha xestión temeraria, que en todo o caso compensaríase co compromiso corporativo das marcas comerciais coa nosa comarca de máis de 150.000 habitantes. Estas marcas poderían optar por buscar a compra por un terceiro que, mantendo as instalacións e os medios dispoñíbeis, evite a liquidación definitiva dos bens de Motorkar e mesmo manter parte dos postos de traballo.

Por todo isto, o Concello de Ares a través desta declaración,

- Manifesta o seu apoio rotundo ás persoas afectadas, clientas e traballadoras, polo peche de Motorkar, concesionario Opel - Suzuki nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal.
- Insta ao Goberno galego a tomar todas as medidas necesarias no marco das súas competencias para dar unha solución satisfactoria ao persoal de Motorkar, de forma que cobre os salarios adebedados na súa integridade.
- Insta ao Instituto Galego de Consumo a iniciar a correspondente investigación para acelerar a entrega dos automóbiles vendidos ou a devolución das cantidades adiantadas ás persoas clientas afectadas.
- Chama á corresponsabilidade das compañías Opel e Suzuki para acadar, xunto co propietario do concesionario Motorkar e as entidades financeiras implicadas, un acordo pre-xudicial satisfactorio coas clientas, traballadoras e provedores.
- No marco das súas competencias pon a disposición das clientas e traballadoras as ferramentas que precisen para a defensa dos seus dereitos.
- Fai un chamamento aos concellos da comarca co fin de que se sumen a este pronunciamento.

En Ares, a 30 de xullo de 2018

Intervén o Sr. Alcalde unha vez entregadas as copias da declaración institucional dálle a palabra ao voceiro de Son de Ares para expoñer o debate do punto correspondente.

Intervén o Sr. Pita Carballeira manifestando que si a totalidade do pleno asume a declaración institucional retira a súa a moción, senón defendo a miña.



Responde o Sr. Alcalde dicindo que depende del.

Continúa o Sr. Pita Carballeira dicindo que senón defendemos cada un a súa, eu non teño problema en retirala en alas dun entendemento entre todos e buscamos a solución ao problema, e mellor ter un consenso de todos. Eu estou disposto a retirar a nosa cun compromiso de todos os grupos políticos que asuman a declaración institucional.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que si fixan posicións unha vez que o portavoz de Son de Ares manifesta a súa vontade de transaccionar coa declaración institucional que presenta o PP.

Intervén novamente o Sr. Alcalde dando a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas e manifestando que cree que a declaración institucional foi a base dunha moción que se presentou no Concello de Cabanas e que todos acordaron que consensuarían no texto, polo tanto nos imos votar a favor desta declaración institucional como tamén votaríamos a favor da moción de Son de Ares. O BNG xa presentou no Parlamento o día 9 de xullo unha cuestión relativa a este tema é fundamentalmente no que se basa esta declaración institucional por iso imos apoiar tamén isto a pesar de que xa digo que os pasos xa están dados polo grupo parlamentado do BNG no Parlamento de Galicia pero si que é certo que os concellos debemos apoiar e polo tanto vai o noso apoio a declaración institucional.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando si votan a declaración institucional presentada polo PP.

Responde o Sr. Pita Carballeira dicindo que si están todos de acordo si.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que depende do que faga el.

Toma a palabra a concelleira do PP a Sra. Seijas Díaz manifestando que a presenta o concello.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non a presenta o concello.

Intervén o Sr. Pita Carballeira manifestando que retira a súa moción.

Responde o Sr. Alcalde preguntando en que termos imos aprobala, como moción.

Intervén o Sr. Pita Carballeira respondendo que como declaración institucional.

Intervén o Sr. Alcalde preguntados aos grupos si a aproban como declaración institucional.

Responden que si.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que é unha proposta que presenta o PP e unha moción que presenta Son de Ares, e que Son de Ares transacciona e se converterá nunha declaración institucional si o aceptamos todos senón non, por iso estou preguntando si a aceptamos como declaración institucional senón é unha moción como outra e sairá aprobada



si ten votos senón non. Si é unha declaración institucional estamos absolutamente todos poñendo unanimidade.

Intervén o Sr. Alcalde sometendo a votación a declaración institucional.

Sometida a votación o Concello Pleno por unanimidade, 13 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 1 de SON DE ARES, 3 PP e 3 BNG), acorda prestala súa aprobación a declaración institucional sobre a situación da empresa Motorkar.

Acto seguinte pola vía de urxencia o voceiro do grupo municipal BNG presenta a seguinte moción;

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte **moción pola vía de urxencia sobre os servizos prestados no centro de saúde** para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En datas pasadas entraba en funcionamento o novo Centro de Saúde. Neste cambio non se veu favorecido a prestación de servizos, xa que nos atopamos cunha merma considerable de persoal, ao non incorporarse o médico de desplazados e ser só dous médicos os que atenden o traballo de tres, por mor de cubrir as vacacións do terceiro.

Cuestión que conleva unha merma na calidade asistencial tanto para profesionais como para pacientes. De pouco vale ampliar e dotar de novas instalacións si non se acompaña de persoal suficiente para atendelo

POLO CAL INSTAMOS AO PLENO á aprobación do seguinte acordo:

1. O Concello de Ares insta á Xunta de Galicia a ampliar con carácter inmediato o persoal necesario para o centro de saúde de Ares.
2. Contratación e posta en funcionamento de novos servizos.

En Ares a 30 de Xullo de 2017



Intervén o Sr. Alcalde dicindo está con este tema que o Dr. Castiñeira está de vacacións eu falei tanto a semana pasada como hoxe pola mañá co Dr. Galán temos un tema pendente para desenrolar a xerencia.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías preguntando ao Alcalde si podemos primeiro seguir o protocolo, presentase a urxencia.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, que está comentando a situación que hai.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que non que primeiro se presenta, vostede ten que seguir o protocolo.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, que ti presentas esta moción e eu explico a xestión de hoxe pola mañá que pode axudar ao entendemento da xente.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestado que o que ten que facer e someter a votación da urxencia.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que está expoñendo datos que si a vostede non lle interesan paréceme ben.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que non ten que expoñer nada, que o que lle interesa é votar.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que está expoñendo as xestións da alcaldía sobre este tema.

Intervén o Sr. Mesías dicindo que o que pide é que someta a votación a urxencia da votación, e despois inicie vostede o debate, porque vostede inicia o debate antes de someter a votación a urxencia.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que está expoñendo porque este tema colle un ámbito do que falamos hoxe pola mañá coa xerencia e cos responsables do centro de saúde pero como vexo que a vostede non lle interesa pois case mellor me calo e votamos a urxencia, senón é tan urxente para que vostede saiba a xestión que se están a levar a cabo dende a Alcaldía ao mellor tampouco nos consideramos que sexa tan urxente as súas consideracións coa moción

Intervén o Sr. Mesías Farías pedindo a palabra.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que para que si xa intervir o que quixo, paréceme increíble que te negues a que o Alcalde explique o que hoxe falou co SERGAS increíble.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que non interveu o que lle deu a gana e que non dixo que non podía expoñer.



Responde o Sr. Alcalde dicindo que ía a explicar o estado da situación sen prexurdar nada, porque na exposición de motivos veñen datos novos que eu coñezo.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo ao Sr. Mesías Farías, Sr concelleiro dinlle a palabra para que expuxera a urxencia, non sei porque segue debatendo.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo polo que vostede me esta dicindo.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que se calou para que falara.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que lle deixe.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que claro que lle deixa porque vostede negouse a que eu explicara ao pleno as novidades de hoxe.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que iso non é certo, eu non dixen que vostede non se poida explicar, eu teño a palabra e expoño a urxencia.

Continúa o Sr. Mesías Farías expoñendo a urxencia, a urxencia ven dada por unha situación, unha merma dos servizos asistenciais no centro de saúde motivada polo número de facultativos que están prestando os servizos, hai un de baixa e non se incorporou o médico de desprazados.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o médico de desprazados incorpórase, o médico de desprazados está traballando.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que hoxe non estaba traballando.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que si, que o médico de desprazados está traballando.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que non, que esas son as noticias que temos.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que como vostede se nega a que eu lle de as explicacións.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que é por iso que nós favorecemos o debate si é que esta moción pasa esta votación da vía de urxencia, favorecemos o debate e favorecemos a que vostede de as explicacións pertinentes ao respecto da noticia da información que vostede ten dentro do debate, por iso eu lle pido que asuma o seu rol de presidente do pleno e faga o que ten que facer, unha vez que se recibe unha moción pola vía de urxencia o primeiro que se fai é darlle a palabra a quen a presenta e someter o punto a vía de urxencia e logo está o debate.

Intervén o Sr. Alcalde preguntando se alguén se queren fixar posicións, os grupos din que non.

Intervén novamente o Sr. Alcalde dicindo que vai votar en contra da urxencia porque a exposición de motivos ten datos que non son exactos hai datos a maiores, hai xestións a



maiores e o que se quere facer en conxunto se debate e se fala en consecuencia dou paso ao segundo turno de intervencións se alguén quere contestar.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que si isto non pasa a votación da vía de urxencia non se somete a debate, vostede non está dicindo que hai datos novos vostede está negando o debate e está negando as explicacións que é onde ten que ser que no debate de as explicacións e despois vostede votará ou propondrá o que queira pero vostede está negando o debate vostede está negando que falemos aquí sobre os servizos prestados do Centro de Saúde, iso é o que está facendo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que dado esta segunda intervención, insta aos grupos a facer unha comisión informativa urxente, nos reunamos falamos disto eu teño datos que non coinciden cos de Emilio hai xestións a maiores, hai unha situación moito mais complicada da que expón el, el non coñece os datos sabe que loxicamente hai algunhas situacións e se quere presentar unha moción paréceme moi ben, pero esta claro que a moción ten que ser mais fundamentada porque detrás da aprobación da moción hai unha esixencia do SERGAS para que efectivamente, dote uns servizos que nestes momentos son deficitarios. Non é certo que non haxa médico para desprazados o problema e que vaise de vacacións o problema é que o médico de desprazados vaise de vacacións e en consecuencia loxicamente en vez de quedar con tres médicos imos a quedar con dous e están atendendo a cerca de 75 cartillas diarias por parte de dous médicos que é imposible atender, eu falei co Facio hoxe pola mañá.

Intervén o Sr. Emilio Mesías Farías manifestando que abandonan o pleno.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que está en uso da súa segunda intervención, estou intentando explicar o porque vamos a votar en contra da urxencia, teño dereito a xustificar porque voto en contra da urxencia.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que non que o que está facendo e un debate.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que como faltan todos eses datos e quedamos en facer unha reunión co que está agora de responsable porque Carlos Castiñeira está de vacacións que é Cayetano o que está co que me pediu ver este tema, eu pido que este tema quede enriba da mesa porque prefiro facelo conxuntamente cos médicos do Centro de Saúde e prefiro facelo cunha base fundamental máis importante que esta que está aquí, esa é a razón pola cal imos a votar en contra.

O Sr. Alcalde somete a votación da urxencia.

Interrompe a votación a Sra. Martínez Martínez pedíndolle a palabra ao Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez manifestando que si non votan a urxencia non saben nada sobre este tema.



Responde o Sr. Alcalde dicindo que este tema saíu mal porque Emilio non me deixa falar porque ti presentas unha moción e te cerras en banda e queres que se debata isto e non, non pode ser porque hai datos a maiores e ti te negas a que eu explique e iso determina que entón nós non estamos a favor da urxencia e así de sinxelo, igual que si abandonas o pleno cando estou explicando a motivación pola cal estamos en contra da urxencia e que envenenas todo.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que non, que vostede está entrando no tema da moción.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, que está explicando o porque non estamos a favor da urxencia, porque hai máis datos non son exactos, hai médico de desprazados ti dis que non o problema é que vai a deixar de habelo por se vai de vacacións e dicir estamos con outros temas que non figuran aí, hai outros datos que non figuran aí entón, podemos ir a unha comisión informativa reunirmos con Cayetano Galán e articular cos profesionais as reivindicacións porque eu sei que estes están nunha situación que non sei como calificala pero si de reivindicación ao SERGAS porque o Dr. Malo e o Dr. Cayetano non poden ter 75 cartillas diarias iso co médico de desprazados, cando o médico de desprazados vaia de vacacións que lles queda 100 a cada un.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que descoñece este tema totalmente.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que acaba de xurdir, este tema a semana pasada.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que non sabe si hai ou non médico de desprazados.

Responde o Sr. Alcalde hai pero vaise de vacacións e ese é o problema vaise de vacacións e Carlos Castiñeira está de vacacións polo que quedan dous médicos para case 4000 cartillas, é unha situación complicada entón, aprobamos esta moción sen mais como está e faltan datos ou a enriquecemos si el me deixa falar e achegar cousas, di aquí que non hai médico de desprazados, hai médico de desprazados.

O Sr. Alcalde diríxese ao Sr. Mesías Farías preguntándolle como o plantexa.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que plantexa a moción en base ao regulamento, e o regulamento di, que se presenta unha moción pola vía de urxencia para poder ser tratada esa moción ten que aprobarse por vía de urxencia por favor Sr. Alcalde insisto.

Intervén o Sr. Alcalde respondendo ao Sr. Mesías Farías dicindo estabamos votando a urxencia que interrompiches ti, xa estábamos votando.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que non estábamos votando, primeiro se acepta que debatamos sobre de iso si, pero non estábamos votando.



Intervén o Sr. Alcalde dicindo que si, que aquí votouse dixen votos a favor da urxencia e votou Son de Ares e BNG.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que non porque o PP tamén votaba a favor.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o PP non había levantado a man, quería intervir e interveu non sei que problema hai.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que si a cuestión é que o PP vota a favor, si eles piden votar a favor.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que non, que non votaron a favor porque quixeron intervir, ese é o tema si falo eu non te interesa que falen eles si porque si te votan a moción a favor é así Emilio a min non me deixas intervir e agora te empeñas en que eles interveñan pois eles interveñen para o mesmo que eu, eu intervín para mostrarme en contra da urxencia e eles poden intervir para mostrarse a favor o problema é que ti xa veías que a situación non ía e xa querías rebentar o pleno murchándote, cando é normal falar e dicir que a túa exposición de motivos di cousas que non son certas que é o que eu quero dicir, a onde imos cunha moción ao SERGAS a que o día de mañá nos conteste Facia dicindo que hai médico de desprazados e o pleno de Ares di que non e quedamos en ridículo, hai médico de desprazados coño e a túa moción di que non, como imos a aprobar isto como imos a aprobar que non hai médico de desprazados cando o hai o que pasa é que se vai a ir de vacacións e Tano e o Dr. Malo o ven vir, ven vir o llo entón, eu para o que intervín foi para dicir votamos a urxencia pero cambiamos os datos porque hai datos novos e ti xa colliches unha perrencha.

Intervén o Sr. Pita Carballeira dicindo que porque non se debate a urxencia, que eu tamén teño aquí algunha emenda co tema de médico de desprazados eu creo que debíase de complementar con médico de desprazados a xornada completa.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o médico de desprazados ven o luns, mércores e venres.

Intervén a Sra. Cadena Freire dicindo que primeiro votamos a urxencia e despois falamos disto.

Responde o Sr. Alcalde ao Sr. Pita Carballeira dicindo que o médico de desprazados ven tres días a semana luns, mércores e venres os martes e os xoves non ven e aínda encima vaise e hai un cristo no Centro de Saúde de tres pares de pelotas.

Continúa o Sr. Alcalde sometendo a votación a urxencia da moción.

Sometida a votación a urxencia o Pleno do Concello por 12 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1 de SON DE ARES, 3 PP e 3 BNG), e 1 abstención (1 NAL) o que supón unha maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda ratifica-lo carácter urxente do asunto.



Intervén o Sr. Alcalde dicindo que unha vez votada a urxencia o que temos que facer é corrixir sen dúbida algunha o contido da moción.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que insistía no procedemento que non é a primeira vez.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicíndolle ao Sr. Mesías Farías que ou inda no contido ou me levanto e me vou, o que se levanta e se vai son eu e suspendo o pleno así de claro e que suspendo o pleno, entón ves coas túas mamarrachadas, non me deixas falar porque non me deixabas falar e eu estaba xustificando a urxencia e agora volves a darlle, estouche dicindo que te ciñas ao contido punto e pelota.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que as noticias que temos a día de hoxe noticias frescas do Centro de Saúde é que hai dous médicos e que un está de desprazados de vacacións ata o día 8 por iso a nosa moción vai nese sentido non é que hoxe este o médico e que hoxe se vai de vacacións non, e que hoxe xa non está ata o día 8 está de vacacións esa é a nosa información a información que temos polo persoal do Centro de Saúde por iso o traemos aquí si o persoal do centro de saúde nos di algo que non é, non é unha cuestión nosa, nós o que vemos aquí a traer é esta cuestión que nos trasladan dende persoal do Centro de Saúde entón por iso poñemos aí que a día de hoxe hai dous médicos que o de desprazados está de vacacións e que o terceiro médico está tamén de vacacións, iso é o que traemos aquí non traemos nada máis polo tanto, o noso petitum é instar a Xunta de Galicia con carácter inmediato o persoal necesario para o Centro de Saúde de Ares e contratación e posta en funcionamento de novos servizos enlazado polo que xa viñemos pedindo antes, e tamén había unha cuestión municipal que non se fixo que é adecuación do entorno que ten que ver como está a vía, o que quero dicir e que estamos neste punto, nos ceñimos aos puntos que traemos hoxe aquí tamén hai que recordar que estamos co tema desde maio

Responde o Sr. Alcalde manifestando que aprobar unha moción así ao machado de repente no pleno sen estar en coordinación co persoal sanitario e aínda encima que tamén o vou a dicir porque é certo cunha boa relación de entendemento coa a Axencia do SERGAS ao que se lle pode plantexar e facer un plantexamento razoable que seguramente vai ser aceptado a min non me parece razoable en consecuencia e prefiro falar co persoal médico, falar co SERGAS hoxe efectivamente Cayetano Galan chamoume para ter unha reunión a terei hoxe pola tarde, maña a poremos ter unha Xunta de Portavoces ou unha Comisión Informativa e intentar plantexar este tema en coordinación co persoal sanitario previo entendemento co SERGAS, que o SERGAS se cerra en banda e non da unha contestación satisfactoria pois haberá que ir a unha política de confrontación e non me parece mal porque máis dunha vez o fixemos cando non nos facían caso, pero neste caso temos chamadas do SERGAS, temos chamadas do persoal sanitario hoxe as tiven para falar disto entón creo que isto e precipitado.

Pide a palabra o voceiro do NAL.

Intervén o Sr. Cendán Fernández manifestando que independentemente de que cada grupo ten dereito a presentar as mocións da forma que queira, eu creo que isto despois de sobre todo escoitarte de que os datos incluso non son así, faltan datos esta moción é unha moción



xenérica, oportunista a min non me parece xusto, pero eu para pronunciarme teño que dar datos eu non teño dato ningún, non sei a outra parte a dos médicos non sei o que queremos solicitar ou o que debíamos de solicitar as comisións informativas como ti dis, levar unha proposta deixar sobre da mesa hai unha negociación aberta que estas a manter cos médico e co SERGAS danos datos convócanos a unha comisión e infórmanos, eu vexo algo irreal e non lle vexo sentido, esperar uns días, convocar unha comisión traes uns datos a comisión e aí opinamos senón que vou a opinar que necesitamos máis servizo claro que si, pero que datos hai ningún e sobre todo o que acabas de apuntar que o do médico de desprazados é mentira que está en activo, como vas a votar unha vía de urxencia a algo que non temos datos paréceme precipitado.

Continúa o Sr. Cendán Fernández manifestando que vai a votar que non a moción e que esa e a súa proposta.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que depende de vosoutros.

Responde o Sr. Cendán Fernando dicindo eu vou votar en contra, como vou votar esta así sen decirme nada e sin aportar datos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que simplemente dicir que o venres coñecín unha situación complicada é unha situación persoal e hoxe coñecín o fondo e pedíronme unha reunión, eu sei que o persoal do centro de saúde ten moitos problemas entón pedíronme unha reunión hoxe a partir das oito porque Cayetano ten executiva do Club Náutico hai esa situación, Carlos Castiñeira está de vacacións eu falei con el por teléfono e con Facio tamén o de Facio a min paréceme de traca di que non hai médicos como que non hai médicos, ten que haber médicos, por certo tivemos outros veráns unha cousa parecida e o final apareceron é un pouco unha cuestión de xestión política, pero sempre tivemos unha resposta satisfactoria.

Intervén o Sr. Cendán Fernández dicindo que sen non hai médicos que os contraten.

Intervén novamente o Sr. Alcalde dicindo que cree que este paso é cando nos pechan a porta pero de momento están falando e están intentando nese sentido entre uns e outros intentar solventar a situación entón si o médico de desprazados vaise de vacacións haberá que poñer outro pero aquí sempre se basou na boa vontade do persoal que non pide as vacacións, o persoal ía de vacacións en setembro e outubro e este ano pois Carlos Castiñeira foise de vacacións agora antes aguantaban todos, quedábase o persoal pedían as vacacións en setembro e outubro pero non ten que descansar o servizo na boa vontade da xente pero xa digo por ceñirnos na situación votamos en contra da moción.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez preguntado a que se refire o punto da moción onde di contratación e posta en funcionamento dos novos servizos.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non hai novos servizos.

Intervén a Sra. Martínez Martínez preguntando ao Sr. Mesías Farías a que se refire con este punto.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que non di dos novos servizos, di de novos servizos.



Intervén o Sr. Alcalde dicindo que cambia o significado.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que son os que levamos pedindo.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que son os servizos novos que permiten a construción dun novo centro que ten instalación novas e en consecuencia hai unha serie de salas que poden estar operativas con servizos adscritos a eles, porque agora non é o de antes que non hai espazo, hai salas para crear novos servizos claro que si, sobre iso deberíamos ter quizás unha comisión informativa e decidir que novos servizos queremos e habería que indicalos.

Continúa o Sr. Alcalde preguntando ao Sr. Mesías Farías si deixaría a moción enriba da mesa ata mañá para ver que quere hoxe loxicamente máis ou menos para entrar en conxunto persoal sanitario.

Responde o Sr. Mesías Farías, mañá non temos pleno.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que haberá que facer unha comisión informativa ou unha xunta de voceiros, hoxe as oito da mañá recibín unha chamada de Cayetano Galán é hai situación moi complicada no Centro e Saúde pero complicada complicada e xa digo que hoxe quedei as oito porque antes tiña a recepción de Carla Vilasanchez e aí efectivamente hai unha situación de malestar e ademais as reivindicacións sobre este tema sempre as presentamos da man co persoal sanitario.

O Sr. Alcalde pregunta ao Sr. Mesías Farías si retira a moción.

O Sr. Mesías Farías pide uns minutos para consultalo cos compañeiros.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que entenden que os datos que lles deron son certos e o que vostede plantexou aquí foi que ao falar co de Sanidade dille que esa situación de precariedade non se pode solventar porque non hai médicos o cal está asumindo que hai precariedade entón nós, en alas de que como vostedes non están como manifestou o voceiro de NAL non escoitou a outra parte que non da credibilidade aos datos que nos deron a nós e vostede tamén quere escoitar.

Interrompe o Sr. Cendán Fernández dicindo que non achega ningún dato na moción.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que está falando.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que o que propón é redireccionar, nós non vamos a desistir nestas peticións o que pasa é que podemos deixalas ata máis tarde entón nós, podemos redireccionar e queremos que haxa unha reunión dos voceiros con algún membro do centro de saúde para que nos informe a todos do tema, si xa está plantexada esa reunión pedimos que os voceiros participemos nesa reunión.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que hoxe xa non pode é imposible, entón eu hoxe vou a ver a Cayetano Galán que quede para tomar unha cervexa con el e lle vou a trasladar que porfavor



mañá de maneira urxente se convoca unha xunta de voceiras na que do centro de saúde veña alguén a explicarnos.

Intervén novamente o Sr. Mesías Farías dicindo que eles si o resto dos grupos están de acordo deixamos en suspenso esta moción e a petición dunha xunta de voceiros co persoal do centro de saúde.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que así farán.

Continúa o Sr. Alcalde preguntando os grupos si pechan o debate e si quedan así.

Os grupos están de acordo.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que hoxe as oito trasladaralle a Cayetano que queremos coñecer de primeira man a situación do centro de saúde e xa que somos administracións paralelas e non hai ningún tipo de competencia pola nosa parte nese ámbito máis que a reclamación da prestación de servizos si lles molesta vir lles digo de ir nos.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que si.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que ao mellor se lles fai un pouco violento entón lles digo, mira os portavoces imos ir alí e nunha sala nos reunimos con vostedes porque decirlles que veñan aquí lles pode parecer quen es ti para dicir que temos que ir alí, entón lles pododo ofrecer o ir nós alí a interéanos do que os podan dicir.

5º.-ROGOS E PREGUNTAS:

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que tomara nota das preguntas que vaian a facer pero que non as vai a poder contestar porque ten que marchar.

O Sr. Alcalde pregunta quen quere facer preguntas, e ao mesmo tempo diríxese a Sra. Marcos García pedíndolle que quede de Alcaldesa que ten que marchar e pregunta ao Sr. Secretario si pode marchar.

O Sr. Secretario di que si.


Intervén o Sr. Alcalde delegando na Sra. Marcos García para que tome nota das preguntas e no seguinte pleno contestalas.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que eles ían a informar de que as preguntas ían a facelas por escrito, polo tanto hoxe non van a facer ningunha pregunta.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a Sra. Martínez Martínez e seguidamente abandona o pleno delegando na Sra. Marcos García para que o presida.

Intervén o Sr. Fernández Lage manifestando que senón van a contestar as preguntas non as fan.

Responde a Sra. Marcos García dicindo que se contestaran no seguinte pleno.



Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que eles non fan as preguntas non porque non as vaian a contestar xa, íamos a anunciar que as preguntas que imos a facer independentemente da situación actual as íamos a facer por escrito.

Toma a palabra o Sr. Fernández Lage manifestando que dada a situación que non se van a contestar nin unhas nin outras.

Intervén a Sra. Marcos García dicindo que dado a que se van a facer por escrito, levantamos a sesión.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e trinta e seis minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,